

# **Batuko Tabanka e Emilio Espadañero recibirán os Premios Mestras e Mestres da Memoria**

A AELG celebrará o día 23 a gala de entrega e o 24 a XIII Xornada de Literatura de Tradición Oral

A Sección de Literatura de Tradición Oral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega celebra o vindeiro 23 de outubro en Lugo a súa Gala dos Premios Mestras e Mestres da Memoria 2020.

Nesta ocasión, outorgoulle o Mestras da Memoria 2020 a Batuko Tabanka, grupo musical formado por doce mulleres nadas en Cabo Verde e residentes maioritariamente en Burela. Segundo destaca a AELG "o seu proxecto, con máis de vinte anos de vida, serviulles para percorrer Galicia e outras partes da península e incluso varios países de Europa. Protagonizan documentais, participaron en numerosos festivais e programas de televisión. Incluso ofreceron concertos no seu propio país. A súa decisión provocou, ademais de conservar o seu rico folclore, difundilo polo mundo".

Pola súa banda, o premio Mestre da Memoria 2020 foi para Emilio Espadañero Paz, director e



presentador do programa radiofónico *Lume Na Palleira* desde 1992. Para alén doutros proxectos vencellados á música popular, Espadañero artellou, a través deste espazo "unha proposta musical alternativa para as ondas radiofónicas, tratando de que a música folk e tradicional, tanto do noso país como doutros (principalmente os de influencia céltica), tivera presenza a traveso de ditas ondas", segundo sinala a organización dos galardóns. A Gala desenvolverase na Sala de Exposicións da Deputación Provincial de Lugo a partir das 18:00 horas.

No día a seguir, a Sección de Literatura de Tradición Oral celebrará no Salón de Actos do Pazo de San Marcos a XIII Xornada de Literatura de Tradición Oral, dedicada nesta ocasión ao humor neste patrimonio inmaterial. Quico Cadaval, Suso Lista, Paula Carballeira, Lois Pérez ou O Carrabouxo achegarán diferentes perspectivas sobre esta cuestión nunha xornada que rematará cunha sesión práctica da man de Pérez.

---